

DOMINGO XXI ORDINARIO (B)

PRIMEIRA LECTURA (Xos 24, 1-2a. 15-17. 18b)

Lectura do libro de Xosué

Naqueles días, xuntou Xosué a tódalas tribos de Israel en Xequem, e chamou os anciáns de Israel, os xefes, os xuíces e mailos oficiais, e presentáronse diante de Deus. E Xosué falou a todo o pobo deste xeito: - Se vos anoxa servir ó Señor, escollede hoxe a quen ides servir: se ós deuses que serviron vosos pais na outra banda do río, ou ós deuses dos amorreos, os da terra que habitades. Eu e maila miña familia serviremo-lo Señor. Respondeu o pobo: - Lonxe de nós arredármonos do Señor para servir a outros deuses, pois o Señor, o noso Deus, sacounos a nós e ós nosos devanceiros da terra de Exipto, da situación de escravitude, e fixo diante de nós grandes prodixios e protexeunos ó longo de todo o camiño que percorremos e entre tódolos pobos que encontramos ó pasar. Así que tamén nós serviremo-lo Señor, pois El é o noso Deus.

SALMO RESPONSORIAL Sal 33, 2-3. 16-17. 18-19. 20-21. 22-23

R/. (9a): **Probade e vede o bo que é o Señor.**

Bendigo o Señor en todo instante,
teño sempre na boca a súa loanza.
Eu gloriome no Señor:
que escoiten os humildes e se alegren.

Os ollos do Señor están postos nos xustos,
os seus oídos cara ó seu clamor;
mais o Señor encara os malvados,
para borrar da terra a súa memoria.

Claman aqueles, e o Señor escoita,
líbraos de tódalas angustias.
O Señor está preto do aflixido,
salva os de ánimo abatido.

Moitas son as angustias dos xustos,
pero de todas elas os libra o Señor.
El coida dos seus ósos,
nin un só lles romperán.

A maldade mata ó impío;
quen aborrece os xustos será castigado.
O Señor redime os seus servos:
non será castigado quen a El se acolle.

SEGUNDA LECTURA (Ef 5, 21-32)

Lectura da Carta do Apóstolo San Paulo ós Efesios

Irmáns: Sede ben guiados uns cos outros por respecto a Cristo: as mulleres sométanse ós propios maridos, coma se fose ó Señor, pois o marido é cabeza da muller, coma tamén Cristo é cabeza da Igrexa, o salvador do corpo. E, como a Igrexa se somete a Cristo, así tamén as mulleres ós seus maridos, en todo. Homes, amade as vosas mulleres, como tamén Cristo amou a Igrexa e se entregou por ela para santificala, purificándoa co baño de auga na palabra, e para presentala deste xeito diante de si, radiante, sen lixo nin enrugada nin cousa polo estilo senón santa e inmaculada. Así deben tamén os maridos ama-las súas mulleres coma os seus propios corpos. Quen ama a súa muller, ámase a si mesmo, porque ninguén odiou endexamais a súa propia carne senón que a mantén e a quece, como fai Cristo coa Igrexa, porque somos membros do seu corpo. Por iso deixará o home a seu pai e maila súa nai e unírase á súa muller e serán os dous un só corpo. Gran misterio é este e eu refíroo a Cristo e á Igrexa.

EVANXEO (Xn 6, 60-69)

Lectura do Santo Evanxeo segundo Xoán

Naquel tempo, moitos dos discípulos de Xesús dixeron: - ¡Que dura é esta doutrina! ¿Quen pode admitir tal cousa? Comprendendo Xesús que os seus discípulos murmuraban do asunto, díxolles: - ¿Escandalízavos iso? ¿E logo se viséde--lo Fillo do Home subindo a onde estaba antes? O espírito é quen dá vida, a carne non vale para nada; as palabras que eu vos falei, son espírito e son vida. E, aínda así, hai algúns de vós que non cren. Pois ben sabía Xesús desde o principio quen eran os que non crían e mais quen o había de entregar. E proseguíu: - Por iso téñovos dito que ninguén pode vir a min, se non llo concede o Pai. Desde aquela moitos dos seus discípulos botáronse para atrás, e xa non andaban con el. Preguntoulles entón Xesús ós Doce: - ¿Vós tamén vos queredes ir? Respondeulle Simón Pedro: - Señor, ¿e onda quen imos ir? Ti tes palabras de vida eterna, e nós cremos e recoñecemos que ti e-lo Santo de Deus.